



CIRCULAR 4/2018

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

XXIX CAMPIONATO DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS ABSOLUTO (CADETE-Sub16/XUVENIL-Sub18/JUNIOR-Sub20/PROMESA-sub23/MASTER)

Lugo, 27 e 28 de xaneiro do 2018

Art.1) O día 27 e 28 de xaneiro terá lugar o **Campionato de Galicia de probas combinadas absoluto (cadete-Sub16/xuvenil-Sub18/junior-Sub20/promesa-Sub23/máster)** nas pistas e no módulo do Gregorio Pérez Rivera de Lugo. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Lugo.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das categorías cadete, xuvenil, junior, promesa, senior e veteranán situados entre os 8 primeiros do ranking galego e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente á Galicia.
 2. Atletas con ficha pola F.G.A.aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
 3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- *Segundo acordo da Asamblea nos campionatos de probas combinadas só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 23 de xaneiro do 2018**

Art.4) Os tres primeiros atletas clasificados de cada categoría do Campionato recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.5) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do inicio da primeira proba.



Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértiga que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7) O horario provisional do Campionato,

Sábado 28

Homes		Mulleres	
Grupo 1	Grupo 2	Grupo 1	Grupo 2
16:00 60 m			
		16:10 60 valados	
			16:20 60 valados
16:35 Lonxitude			
		16:45 Altura	
	16:50 60 m		
			17:00 Altura
	17:30 Lonxitude		
17:45 Peso			
	18.30 Peso		
19.00 Altura *		19.00 Peso	
	19.30 Altura *		
			19:45 Peso
		19:50 Lonxitude	
			20:30 Lonxitude
		600/800 * s/h	
			800/600* s/h

Domingo 28 Homes

10:00 60 valados	1,067	
10:05 60 valados	0,990,00	Junior-Sub20 / Master M35-M45
10:15 60 valados	0,814	Xuvenil-Sub18
10:20 60 valados	0,814	Cadete-Sub16/ Master M50 o +
10:50 Pértiga		Xuvenil-Sub18/ Junior-Sub20/Absoluto
10:55 Lonxitude		Master
11:45 1000 m		Cadete-Sub16
11:45 Peso		Master
12:20 altura		Master
12:45 1000		Xuvenil-Sub18/ Junior-Sub20/Absoluto
13:15 1,000		Master

- * O horario só é orientativo.
- * Os grupos confeccionaranse en función das inscricións
- * Altura dos listóns:

A altura de inicio será a mais baixa das solicitadas polos participantes, subindo o listón da seguinte forma:

Homes

Altura: de 6 en 6 cm. ata 1.40, despois de 3 en 3 cm

Pértiga: de 20 en 20 cm. ata 2.60, despois de 10 en 10 cm (como mínimo comezará na altura máis baixa que permita a instalación cos saltómetros colocados na súa posición de fábrica)

Art.8) O acceso ao módulo será restrinxido, existindo cámara de chamadas. O adestradores que queiran poder entrar no módulo deberán enviar un e-mail a lugo@atletismo.gal antes do 25 de xaneiro para recibir acreditación para o acceso.

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas técnicas da F.G.A, R.F.E.A e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, a 15 xaneiro de 2018